

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

### BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO CELEBRADA O VINTE E CINCO DE ABRIL DE DOUS MIL DEZANOVE.

#### ASISTENTES:

##### Alcalde-Presidente:

D. Bernardo Fernández Piñeiro.

##### Concelleiro/as:

Dna. Raquel Caruncho Corral.

D. José Simoes Couceiro.

Dna. Yolanda Vázquez Busto.

Dna. Marta Pico Machado.

D. Andrés Pérez Pérez.

Dna. Ascensión de Vicente Olarte.

Dna. Ana María Veira García.

D. Jorge Serafín Allegue Freire.

Na sala de sesións da Casa do Concello de Ponte deume, sendo as doce horas e catorce minutos do día vinte e cinco de abril de dous mil dezanove, xúntanse en sesión ordinaria, primeira convocatoria, previamente convocadas ao efecto, as persoas membros do Pleno do concello relacionadas á marxe, baixo a presidencia do señor alcalde-presidente, Don Bernardo Fernández Piñeiro.

Foron asistidos pola Secretaria e Interventor-Accidental Municipais.

#### Non asisten:

D. Pedro Amado Sanmartín.

Dna. Silvia Fornos Permuy.

D. Francisco Javier Crespo Romeo.

Dna. María Carmen Piñeiro Varela.

#### Interventor accidental:

D. José Luis Sande Vázquez.

#### Secretaria:

Dna. Marta Cajide Barbeito.

A Presidencia abre a sesión, procedéndose a tratar os asuntos incluídos na orde do día:

### **1.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS BORRADORES DAS ACTAS DAS SESIÓN ANTERIORES.**

- **SESIÓN ORDINARIA DE 28.03.2019.**

- **SESIÓN EXTRAORDINARIA DE 01.04.2019.**

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

#### **“PROPOSTA DE ACORDO**

### **LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS BORRADORES DAS ACTAS DA SESIÓN ANTERIORES.**

- **SESIÓN ORDINARIA DE 28.03.2019.**

- **SESIÓN EXTRAORDINARIA DE 01.04.2019.**

(Expediente TEdC: 2019/G006/000057)

*Recibida polas persoas membro do Pleno, a copia dos borradores das actas correspondentes ás sesións:*



- Ordinaria de 28.03.2019.

- Extraordinaria de 01.04.2019.

Así como copia da dilixencia de corrección de erros da acta da sesión ordinaria de 31.01.2019, asinada dixitalmente pola Secretaria en data 02.04.2019, que de seguido se transcribe:

**“DILIXENCIA DE SECRETARIA.-** Exténdoa eu, Dona Marta Cajide Barbeito, Secretaria do Concello de Pontedeume á data sinalada marxe, aos efectos de deixar constancia de que no borrador da acta do Pleno celebrado en sesión ordinaria en data 31.01.2019, tense detectado un erro de transcripción no relativo á votación da proposta de acordo do punto 4 da orde do día

**“4.- MODIFICACIÓN Nº1 DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO (RPT) DO CONCELLO DE PONTEDEUME”,** xa que

**ONDE DI:**

“...//...”

Concluídas as intervencións, sométense a votación a proposta, quedando **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE** dos/as membros presentes o **ACORDO** seguinte:

**ADOPTADO** por **MAIORÍA** de **6 votos a favor** das concelleiras e concelleiros do Grupo Municipal do PSOE: D. Bernardo Fernández Piñeiro, Dna. Raquel Caruncho Corral, D. José Simoes Couceiro, Dna. Yolanda Vázquez Busto, Dna. Silvia Fornos Permuy, Dna. Marta Pico Machado,; e **4 votos en contra** dos/as membros do Grupo Municipal do PP(2): Dna. Ascensión de Vicente Olarte e D. Andrés Pérez Pérez; e do BNG(2): Dna. Ana María Veira García e D. Jorge Serafín Allegue Freire, o **ACORDO** seguinte:

“...//...”

**DEBE DICIR:**

“...//...”

Concluídas as intervencións, sométense a votación a proposta, quedando **ADOPTADO** por **MAIORÍA** de **6 votos a favor** das concelleiras e concelleiros do Grupo Municipal do PSOE: D. Bernardo Fernández Piñeiro, Dna. Raquel Caruncho Corral, D. José Simoes Couceiro, Dna. Yolanda Vázquez Busto, Dna. Silvia Fornos Permuy, Dna. Marta Pico Machado,; e **4 votos en contra** dos/as membros do Grupo Municipal do PP(2): Dna. Ascensión de Vicente Olarte e D. Andrés Pérez Pérez; e do BNG(2): Dna. Ana María Veira García e D. Jorge Serafín Allegue Freire, o **ACORDO** seguinte:

“...//...”

Déixase constancia aos efectos da corrección do erro detectado e da emisión da correcta certificación do acordo adoptado, á vista de dar conta da presente na videira sesión ordinaria do Pleno que se celebre.

En Pontedeume, á data sinalada á marxe.”

Esta Alcaldía-Presidencia formula a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO:**

**PRIMEIRO.** A toma de razón da dilixencia de corrección de erros da acta da sesión ordinaria de 31.01.2019, asinada dixitalmente pola Secretaria en data 02.04.2019, que de seguido se transcribe:

**“DILIXENCIA DE SECRETARIA.-** Exténdoa eu, Dona Marta Cajide Barbeito, Secretaria do Concello de Pontedeume á data sinalada marxe, aos efectos de deixar constancia de que no borrador da acta do Pleno celebrado en sesión ordinaria en data 31.01.2019, tense detectado un erro de transcripción no relativo á votación da proposta de acordo do punto 4 da orde do día

**“4.- MODIFICACIÓN Nº1 DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO (RPT) DO CONCELLO DE PONTEDEUME”,** xa que

**ONDE DI:**

“...//...”

Concluídas as intervencións, sométense a votación a proposta, quedando **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE** dos/as membros presentes o **ACORDO** seguinte:

**ADOPTADO** por **MAIORÍA** de **6 votos a favor** das concelleiras e concelleiros do Grupo Municipal do PSOE: D. Bernardo Fernández Piñeiro, Dna. Raquel Caruncho Corral, D. José Simoes Couceiro, Dna. Yolanda Vázquez Busto, Dna. Silvia Fornos Permuy, Dna. Marta Pico Machado,; e **4 votos en contra** dos/as membros do Grupo Municipal do PP(2): Dna.

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Ascensión de Vicente Olarte e D. Andrés Pérez Pérez; e do BNG(2): Dna. Ana María Veira García e D. Jorge Serafín Allegue Freire, o **ACORDO** seguinte:

...//...

### **DEBE DICIR:**

“...//...”

Concluídas as intervencións, sométense a votación a proposta, quedando **ADOPTADO** por **MAIORÍA** de **6 votos a favor** das concelleiras e concelleiros do Grupo Municipal do PSOE: D. Bernardo Fernández Piñeiro, Dna. Raquel Caruncho Corral, D. José Simoes Couceiro, Dna. Yolanda Vázquez Busto, Dna. Silvia Fornos Permuy, Dna. Marta Pico Machado,; e **4 votos en contra** dos/as membros do Grupo Municipal do PP(2): Dna. Ascensión de Vicente Olarte e D. Andrés Pérez Pérez; e do BNG(2): Dna. Ana María Veira García e D. Jorge Serafín Allegue Freire, o **ACORDO** seguinte:

...//...”

Déixase constancia aos efectos da corrección do erro detectado e da emisión da correcta certificación do acordo adoptado, á vista de dar conta da presente na videira sesión ordinaria do Pleno que se celebre.”

### **SEGUNDO.-** Aprobar o borrador da acta correspondente á sesión:

- Ordinaria de 28.03.2019.

- Extraordinaria de 01.04.2019.

**TERCEIRO.-** Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro.

Documento asinado dixitalmente polo Sr. Alcalde D. Bernardo Fernández Piñeiro en Ponte deume, a luns 22 de abril de 2019. ”

O Presidente pregunta se algún/ha concelleiro/a ten algo que dicir ao respecto dos borradores de actas.

Non habendo intervencións, sométense a votación os puntos recollidos na proposta por separado, por non teren estado presentes as mesmas persoas membros nas distintas sesións cuxos borradores de actas se someten a aprobación, quedando adptados os **ACORDOS** seguintes:

#### - **TOMA DE RAZÓN da dilixencia de corrección de erros da secretaría.**

Os/as membros presentes **TOMAN RAZÓN** da dilixencia de corrección de erros da acta da sesión ordinaria de 31.01.2019, asinada dixitalmente pola Secretaria en data 02.04.2019, que de seguido se transcribe:

**“DILIXENCIA DE SECRETARIA.-** Exténdoa eu, Dona Marta Cajide Barbeito, Secretaria do Concello de Ponte deume á data sinalada marxe, aos efectos de deixar constancia de que no borrador da acta do Pleno celebrado en sesión ordinaria en data 31.01.2019, tense detectado un erro de transcripción no relativo á votación da proposta de acordo do punto 4 da orde do día

**“4.- MODIFICACIÓN Nº1 DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO (RPT) DO CONCELLO DE PONTEDEUME”**, xa que

**ONDE DI:**

“...//...”



Concluídas as intervencións, sométense a votación a proposta, quedando **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE** dos/as membros presentes o **ACORDO** seguinte:

**ADOPTADO** por **MAIORÍA de 6 votos a favor** das concelleiras e concelleiros do Grupo Municipal do PSOE: D. Bernardo Fernández Piñeiro, Dna. Raquel Caruncho Corral, D. José Simoes Couceiro, Dna. Yolanda Vázquez Busto, Dna. Silvia Fornos Permuy, Dna. Marta Pico Machado,; e **4 votos en contra** dos/as membros do Grupo Municipal do PP(2): Dna. Ascensión de Vicente Olarte e D. Andrés Pérez Pérez; e do BNG(2): Dna. Ana María Veira García e D. Jorge Serafín Allegue Freire, o **ACORDO** seguinte:

...//...”

**DEBE DICIR:**

“...//...”

Concluídas as intervencións, sométense a votación a proposta, quedando **ADOPTADO** por **MAIORÍA de 6 votos a favor** das concelleiras e concelleiros do Grupo Municipal do PSOE: D. Bernardo Fernández Piñeiro, Dna. Raquel Caruncho Corral, D. José Simoes Couceiro, Dna. Yolanda Vázquez Busto, Dna. Silvia Fornos Permuy, Dna. Marta Pico Machado,; e **4 votos en contra** dos/as membros do Grupo Municipal do PP(2): Dna. Ascensión de Vicente Olarte e D. Andrés Pérez Pérez; e do BNG(2): Dna. Ana María Veira García e D. Jorge Serafín Allegue Freire, o **ACORDO** seguinte:

...//...”

Déixase constancia aos efectos da corrección do erro detectado e da emisión da correcta certificación do acordo adoptado, á vista de dar conta da presente na videira sesión ordinaria do Pleno que se celebre.

- **Borrador da acta da sesión Ordinaria de 28.03.2019.**

Queda adoptado por **UNANIMIDADE** dos/as membros presentes o **ACORDO** seguinte:

**PRIMEIRO.-** Aprobar o borrador da acta correspondente á sesión:

- Ordinaria de 28.03.2019.

**SEGUNDO.-** Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro.

- **Borrador da acta da sesión Extraordinaria de 01.04.2019.**

Queda adoptado por **MAIORÍA de 9 votos a favor** de D. Bernardo Fernández Piñeiro, Dna. Raquel Caruncho Corral, D. José Simoes Couceiro, Dna. Yolanda Vázquez Busto, Dna. Marta Pico Machado, D. Andrés Pérez Pérez, Dna. Ascensión de Vicente Olarte, Dna. Ana María Veira García e D. Jorge Serafín Allegue Freire, o **ACORDO** seguinte:

**PRIMEIRO.-** Aprobar o borrador da acta correspondente á sesión:

- - Extraordinaria de 01.04.2019.

**SEGUNDO.-** Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro.

**2.- APROBACIÓN CRITERIOS DE INTERPRETACIÓN EN RELACIÓN AOS USOS NO ÁMBITO PEPR.**

A Secretaría da lectura ao Ditame da Comisión Informativa, que se transcribe a continuación:

**"2.- APROBACIÓN CRITERIOS DE INTERPRETACIÓN EN RELACIÓN AOS USOS NO ÁMBITO PEPR.**

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:  
**“PROPOSTA DE ALCALDÍA**

### **APROBACIÓN CRITERIOS DE INTERPRETACIÓN EN RELACIÓN AOS USOS NO ÁMBITO PEPR.**

(Expediente TEdC: 2019/X999/000159)

O Concello de Ponte deume conta con Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM), aprobado definitivamente pola Orde do 27 de maio de 2016 asinado pola Secretaria Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, Dona María Encarnación Rivas Díaz; A Orde de aprobación do Plan foi publicada no Doga de 23 de setembro de 2016 e a posteriori o 17 de maio de 2016, publicouse a Corrección da Orde de 27 de maio de 2016 de aprobación definitiva do PXOM de Ponte deume. Con data de publicación no Bop de 6 de outubro de 2016, publicouse a normativa e ordenanzas do PXOM.

O Plan Xeral de Ordenación Municipal (en adiante PXOM) establece o seguinte:

#### **“6.3.NORMATIVA PARA AS ZONAS CONSOLIDADAS PENDENTES DA REDACCIÓN DE PLANS ESPECIAIS.**

1. Dentro das zonas do solo urbano actualmente xa consolidadas (aínda que nelas pódense considerar zonas puntuais a completar, reordenar ou desconsolidar), o Plan Xeral delimita zonas para a redacción de Plans Especiais de diverso tipo:

Aqueles cunha compoñente principal de Protección (con posibilidades puntuais de Reforma Interior nalgúns casos, como os antes citados), que en aplicación do artigo 69.1 da LOUG teñen como obxectivo principal a protección do medio ambiente urbano e das edificacións incluídas dentro do seu ámbito, e o seu contido final expreso haberá de concretarse pola administración municipal, a quen corresponde a elaboración dos mesmos.

Aqueles en que por obriga ou necesidade de adaptación das condicións da lexislación sectorial de Costas requiren da redacción dun Plan Especial de Zona Litoral.

Aqueles que abranxen zonas portuarias que se deben ordenar, desenvolver ou modificar mediante Plans Especiais.

Calquera outro tipo de razóns que obriguen a modificar a ordenación de zonas urbanas xa consolidadas mediante Plans Especiais.

2. No Documento de Xestión recolleranse as condicións que haberán de rexer os citados Plans Especiais previstos polo Plan Xeral.

3. En tanto non se elaboran e aproben os devanditos Plans Especiais, todo o ámbito queda suxeito a un réxime transitorio definido polas Ordenanzas zonais e aliñacións grafitadas nos Planos de Ordenación do PXOM, o mesmo que polas condicións de protección dos elementos recollidos no Catálogo de Bens Culturais, ou no seu caso polas condicións de Plans anteriores (ata a súa revisión) ao presente PXOM.”

O PXOM establece a seguinte regulación para o ámbito do Plan Especial de Protección e Rehabilitación do Casco Histórico de Ponte deume (en adiante PEPR):

#### **“6.3.1. PE1. PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E REHABILITACIÓN DO CASCO HISTÓRICO DE PONTEDEUME.**

1. Denominación.

*Plan Especial de Protección e Rehabilitación do Casco Histórico.*

2. Definición e ámbito.

*Trátase dos terreos abranguidos polo ámbito grafitado nos planos de ordenación, comprendidos dentro da delimitación do solo urbano afectado pola Declaración de Conxunto Histórico-Artístico de Ponte deume e as súas zonas de bordo, de xeito que se poida facer*



compatible a regulación urbanística pormiudada en orde á protección esixible, coas necesidades dos diversos moradores e usuarios do espazo do dito Conxunto.

### 3. Normativa Transitoria para o ámbito do PEPR do Casco Histórico de Pontedeume.

En todo o ámbito delimitado para a aprobación do PEPR do Casco, en tanto non se aprobe definitivamente a normativa urbanística de protección, non se admitirán modificacións nas aliñacións e rasantes existentes, incrementos ou alteracións de volume, parcelacións nin agregacións e, en xeral, cambios que afecten a harmonía do conxunto, e ás únicas obras permitidas serán as de consolidación, restauración e rehabilitación."

O réxime transitorio omite a regulación de usos e actividades no ámbito do PEPR.

Por outro lado, segundo o establecido no art. 4.8.6.4. do PXOM sobre a definición de usos prohibidos:

"Usos Prohibidos:

1. Son usos prohibidos aqueles que non admiten as Normas Urbanísticas deste Plan, as Ordenanzas de Plans Parciais ou dos Plans Especiais, os catálogos, as Ordenanzas Municipais ou as disposicións estatais promulgadas en materia de seguridade, salubridade, moralidade ou tranquilidade.

2. A súa determinación como uso prohibido pode quedar establecida ben pola súa expresa definición na zona de que se trate, ou ben pola exclusión ao quedar ausente na relación de usos característicos, complementarios e compatibles en cada zona de ordenación ou grao da mesma."

Da lectura destes preceptos do PXOM, se podería deducir que non se permite no momento actual ningún uso no ámbito PEPR: nin residencial, nin terciario nin dotacional, xa que o PXOM non regulou o réxime de actividades e usos no ámbito PEPR, e xa que non o regulou, poderíase entender baixo a óptica do establecido no artigo 4.8.6.4.do PXOM coma usos prohibidos, o cal podería comportar unha paralización e bloqueo nas actividades no ámbito do casco histórico de Pontedeume.

Coma consecuencia do anterior, procedeuse a formular consulta á Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo sobre este asunto (Rexistro de Saída 20180000003796, data 28/11/2018).

Por parte da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, deuselle resposta ao Concello de Pontedeume cun escrito asinado pola Directora Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo o 20/2/2019 con n.ºde Rexistro de Entrada 20190000000658 e data 22/02/2019, no que indica que:

"En relación coa interpretación do Plan xeral de ordenación municipal do Concello de Pontedeume debemos indicar que o artigo 94.1. da LSG, desenvolvido polo artigo 219.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (RLSG) establece que a execución do planeamento urbanístico correspóndelle aos municipios (artigo 94.1. da LSG).

O artigo 25.2. a) Lei 7/1985, de Lei de Bases de Réxime Local establece ao respecto que:

"2. O concello exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado y das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias:

a) Urbanismo: planeamento, xestión, execución e disciplina urbanística. Protección e xestión do Patrimonio histórico. Promoción e xestión da vivenda de protección públicacon criterios de sustentabilidade financeira. Conservación e rehabilitación da edificación."

Consonte cos artigos anteriores a execución do planeamento é de competencia municipal, sendo por tanto o concello, ao executar dito planeamento, a quen lle compete interpretalo.

2.- O artigo 12 da LSG, no que se regulan as competencias urbanísticas dos municipios sinala ao respecto:

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

*“ 1. Os municipios exercerán, en todo caso, como competencias propias todas as facultades que lles son atribuídas nesta lei en materia de planeamento, xestión, execución e disciplina urbanística, protección do patrimonio histórico, promoción e xestión da vivenda de protección pública, con criterios de sustentabilidade financeira, e mais conservación e rehabilitación da edificación, agás que estean expresamente atribuídas a outras administracións.”*

*O artigo 143.2 da LSG establece que a competencia para outorgar licenzas correspóndelles aos municipios, segundo o procedemento previsto na lexislación de réxime local.*

*En atención ao exposto, corresponde exclusivamente ao concello o control da intervención urbanística a través do correspondente título habilitante, ao tratarse neste suposto de solo urbano.*

*En atención ao exposto, corresponde exclusivamente ao concello o control da intervención urbanística a través do correspondente título habilitante, ao tratarse neste suposto de solo urbano. En consecuencia, non procede pronunciamento algún por parte desta dirección xeral sobre as cuestións plantexadas, toda vez que se trata de materias que versan sobre o exercicio das competencias que corresponden á Administración municipal.”*

*Considerando o disposto no artigo 1.2 do PXOM de Ponte deume: “As determinacións do presente PXOM interpretaranse, con base aos criterios que partindo do sentido propio das súas palabras e definición, teñen en conta o seu espírito e finalidade, así como a realidade social do momento en que se deben aplicar.”*

*A vista do exposto, enténdese dende esta Alcaldía, que non é ese o espírito e finalidade do PXOM para este ámbito, xa que comporta unha paralización e bloqueo das actividades no casco histórico que comporta un prexuízo social e colectivo para a economía e actividade local, cando o casco histórico representou e representa dentro do termo municipal unha das zonas de maior dinamización social e económica; por estas razóns, se precisa a aprobación dun criterio de interpretación en relación aos usos no ámbito PEPR (casco histórico).*

*En base ao anteriormente exposto, e coa finalidade de delimitar un criterio de interpretación, emitíronse os seguintes informes:*

*- Informe suscrito o 21 de novembro de 2018 polo arquitecto do Servizo de Asistencia Técnica a Municipios da Deputación de A Coruña, Daniel Beiras García-Sabell relativo ao control de obras e actividades no centro histórico.*

*- Informe técnico asinado pola arquitecta municipal María Montero González e polo arquitecto técnico municipal David Álvarez Ferreiro de data 12 de abril de 2019: Informe sobre a normativa transitoria para o ámbito do PEPR do casco histórico de Ponte deume contida no PXOM.*

*- Informes emitidos e asinados polo arquitecto, Antonio de la Vega, redactor do Plan Especial Ámbito Pepri de datas 7 de febreiro de 2019 e 12 de abril de 2019.*

*- Informe xurídico emitido pola Secretaria Municipal o 15 de abril de 2019.*

*Atendendo os antecedentes de feito e fundamentos de dereito e á vista dos informes que constan neste expediente, sométese a ditame da Comisión Informativa a seguinte **PROPOSTA de ACORDO:***

**PRIMEIRO.-** *Aprobar o seguinte criterio de interpretación en relación aos usos viables no ámbito PEPR (casco histórico):*



1.1.-Se interpreta como usos viables, sempre que cumpran o requisito de compatibilidade co uso residencial a seguinte relación de usos:

**RESIDENCIAL.**

- *Categoría 1*
- *Categoría 2*
- *Categoría 3*

**HOTELEIRO.**

- *Categoría 1*
- *Categoría 2*

**TERCIARIO XERAL:**

- *Comercio.*
  - *Categoría 1*
  - *Categoría 2*
  - *Categoría 3*
- *Oficinas.*
  - *Categoría única (5)*
- *Recreativo e Reunión.*
  - *Categoría 6*
  - *Categoría 7*
  - *Categoría 8*
  - *Categoría 9*

**INDUSTRIAL.**

- *Categoría 1. Situacións A, B e C.*
- *Categoría 2. Situacións A, B e C.*

**DOTACIONAL:**

- *Educación.*
  - *Categoría 1*
  - *Categoría 2*
- *Sociocultural.*
  - *Categoría 3*
  - *Categoría 4*
- *Asistencial.*
  - *Categoría 5*
  - *Categoría 6*
- *Sanitario.*
  - *Categoría 7*
  - *Categoría 9*



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

---

- *Deportivo.*
  - *Categoría 10.*
- *Administración Pública. Categoría única (13).*
- *Relixioso.*
  - *Categoría única (14).*
- *Funerario. Admítense excepcionalmente os xa existentes.*
- *Servizos Públicos.*
  - *Categoría 20*
  - *Categoría 21*

### *GARAXE-APARCADOIRO.*

- *Categoría 1*
- *Categoría 2*
- *Categoría 3*

### *ESPAZOS LIBRES.*

- *Todas as categorías.*

### *TRANSPORTE E REDE DE COMUNICACION.*

- *Rede Viaria. Todas as Categorías.*
- *Servizos públicos.*
  - *Categoría 5*
  - *Categoría 7*

*1.2.-En todo caso, sempre será necesario dispor das preceptivas autorizacións sectoriais, ben polo tipo de obra ou actividade.*

*1.3.- Este criterio de interpretación se aplicará atendendo ó disposto nas normas de interpretación recollidas no PXOM de Ponte deume e nos informes que constan neste expediente.*

**SEGUNDO.** - *Que se proceda ao encargo de redacción dunha modificación puntual en relación aos usos no ámbito PEPR (casco histórico), que recolla as determinacións a aplicar nos usos neste ámbito.*

**TERCEIRO.** - *Publicar este acordo no referente ao criterio de interpretación no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña e no Portal de Transparencia do Concello de Ponte deume.*

**CUARTO.** - *A entrada en vigor deste acordo, será o día seguinte a publicación do mesmo no Boletín Oficial da Provincia.*

**QUINTO.** - *Dar traslado deste acordo ao Rexistro de Planeamento urbanístico de Galicia, para que proceda a inscrición desta resolución.*

*No entanto, o Pleno adoptará o acordo que estime oportuno.*



*Documento asinado dixitalmente por D. Bernardo Fernández Piñeiro, Alcalde-Presidente, en Pontedeume, a 16 de abril de 2019.”*

De seguido, a Presidencia abre a quenda para o debate...//...

Concluídas as intervencións, sométese a proposta a votación, quedando **DITAMINADA FAVORABLEMENTE** en todos os seus termos a proposta transcrita por **4 votos a favor** dos representantes do Grupo Municipal do PsdG-PSOE: D. José Simoes Couceiro, Dna. Raquel Caruncho Corral, Dna. Silvia Fornos Permuy e Dna. Marta Pico Machado e **3 abstencións** do resto dos señores concelleiros e concelleiras, do PP (2): D. Francisco Javier Crespo Romeo e Dna. Ascensión de Vicente Olarte, e do BNG-AA(1): Dna. Ana Veira García.”

A Presidencia abre a quenda para o debate, xustificando o asunto na necesidade de aclarar a interpretación dunha ordenanza do Plan Xeral e establecer un criterio fixo para poder tramitar as licenzas de actividade, cambio de uso no casco histórico, dende a aprobación do Plan Xeral no 2016, data na que se empezou a traballar cara a consecución dun criterio interpretativo, cos informes dos técnicos e, téndose solicitado informes á Deputación provincial e aos redactores do Plan. Cualifica este traballo coma tedioso e complexo en tanto que agrupa tanto cuestións técnicas como xurídicas e que, é por isto que se ten alongado no tempo. Di que, a maiores desta interpretación, modificarase a ordenanza do Plan para unha maior seguridade xurídica.

De seguido, toma a palabra D. Andrés Pérez Pérez, portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular (PP) que di, se entende que hai un vacío legal sobre o asunto e pregunta en que data se pediron os informes, en tanto que non foi no 2016.

O Sr. Presidente di que os primeiros que se puxeron a traballar no asunto foron os técnicos municipais, logo de que aos dous meses da aprobación do Plan e a raíz dunha solicitude, se tivera detectado a problemática. Tendo en conta que a existencia de criterios distintos á hora de que fora posible outorgar este tipo de licenzas e unha vez que os técnicos municipais tiveron claro que existía a posibilidade da súa concesión, solicitáronse os informes que respaldaran o criterio destes, en aras da consecución de maior seguridade.

Continuando coa súa intervención, o Sr. Pérez Pérez di que os informes se pediron no 2018 e que dende a Xunta se indicou ao Concello que se trataba dunha competencia municipal. Anuncia que, para que non haxa problemas e con algunhas salvedades, o voto do seu grupo vai ser favorable.

Concluída a intervención anterior, toma a palabra Dna. Ana Veira García. A portavoz do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) indica que o voto do seu grupo vai ser favorable. Fai referencia ao contido dos informes, en tanto que os técnicos municipais elaboran un informe logo dunha orde verbal da Alcaldía, asinado en data 12.04.2019. Considera que lle parece moito o prazo de tres anos e que o que está claro é que as datas dos informes non son nin do 2016 nin de 2017...e di que habería que saber a data da orde da Alcaldía á hora de determinar as responsabilidades (persoa ou administracións) de que o asunto se tivera demorado.

O Sr. Fernández Piñeiro di que non foron tres anos xa que se tivo coñecemento do asunto en xaneiro de 2017. Di que se pode preguntar aos técnicos e que se trata dunha cuestión herdada do goberno anterior que foi quen elaborou o Plan e que incorporou a ordenanza. Defende o traballo previo á elaboración dos informes, cara atopar un mecanismo que permitira “sortear” a ordenanza e que tivera o maior respaldo posible. Conclúe indicando que se pode falar cos técnicos e preguntarllles, defendendo o traballo realizado ata a data.

O Sr. Pérez Pérez pregunta polo prazo en que se aprobará o PEPRI, ao que o Sr. Presidente contesta que serían sobre dous anos dende que se inicia a suá tramitación. Di que os prazos non dependen só do Concello, en referencia ao resto de administracións que interveñen:

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Patrimonio, Xunta...di que se trata dun proceso moi longo e tedioso, polo que di, non vai dar datas.

Dna. Ana Veira García di que só vai dicir, que quere que conste, que o rexistro de saída da consulta á Deputación é do 11 do 18 , que o informe da Deputación é do 11 do 18, que o dos técnicos é de abril de 2019 e o do redactor do Plan, de abril do 2019. Non nega que se fixera un traballo previo, pero remítese á data da solicitude dos informes.

Pecha o debate o Sr. Alcalde indicando que di que previo ao documento formal de petición de informe xa se tiña feito un traballo anterior e que a petición oficial do informe fíxose cando se tiña claro e que previamente se mantiveron reunións.

Concluídas as intervencións, sométese a votación a proposta, quedando **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE** dos/as membros presentes (nove) o **ACORDO** seguinte:

**PRIMEIRO.-** Aprobar o seguinte criterio de interpretación en relación aos usos viables no ámbito PEPR (casco histórico):

1.1.-Se interpreta coma usos viables, sempre que cumpran o requisito de compatibilidade co uso residencial a seguinte relación de usos:

### RESIDENCIAL.

- Categoría 1
- Categoría 2
- Categoría 3

### HOTELEIRO.

- Categoría 1
- Categoría 2

### TERCIARIO XERAL:

- Comercio.
  - Categoría 1
  - Categoría 2
  - Categoría 3
- Oficinas.
  - Categoría única (5)
- Recreativo e Reunión.
  - Categoría 6
  - Categoría 7
  - Categoría 8
  - Categoría 9

### INDUSTRIAL.

- Categoría 1. Situacións A, B e C.



- Categoría 2. Situacións A, B e C.

DOTACIONAL:

- Educación.
  - Categoría 1
  - Categoría 2
- Sociocultural.
  - Categoría 3
  - Categoría 4
- Asistencial.
  - Categoría 5
  - Categoría 6
- Sanitario.
  - Categoría 7
  - Categoría 9
- Deportivo.
  - Categoría 10.
- Administración Pública. Categoría única (13).
- Relixioso.
  - Categoría única (14).
- Funerario. Admítense excepcionalmente os xa existentes.
- Servizos Públicos.
  - Categoría 20
  - Categoría 21

GARAXE-APARCADOIRO.

- Categoría 1
- Categoría 2
- Categoría 3

ESPAZOS LIBRES.

- Todas as categorías.

TRANSPORTE E REDE DE COMUNICACION.

- Rede Viaria. Todas as Categorias.
- Servizos públicos.
  - Categoría 5
  - Categoría 7

1.2.-En todo caso, sempre será necesario dispor das preceptivas autorizacións sectoriais, ben polo tipo de obra ou actividade.

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

1.3.- Este criterio de interpretación se aplicará atendendo ó disposto nas normas de interpretación recollidas no PXOM de Ponte deume e nos informes que constan neste expediente.

**SEGUNDO.**- Que se proceda ao encargo de redacción dunha modificación puntual en relación aos usos no ámbito PEPR (casco histórico), que recolla as determinacións a aplicar nos usos neste ámbito.

**TERCEIRO.**- Publicar este acordo no referente ao criterio de interpretación no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña e no Portal de Transparencia do Concello de Ponte deume.

**CUARTO.**- A entrada en vigor deste acordo, será o día seguinte a publicación do mesmo no Boletín Oficial da Provincia.

**QUINTO.**- Dar traslado deste acordo ao Rexistro de Planeamento urbanístico de Galicia, para que proceda a inscrición desta resolución.

### ASUNTO FÓRA DA ORDE DO DÍA.

A Presidencia propón, para o seu debate e adopción de acordo, pola vía de urxencia, a inclusión do seguinte asunto na orde do día da sesión:

**- RECTIFICACIÓN DE ERROS DO ACORDO ADOPTADO POLO PLENO CELEBRADO EN SESIÓN ORDINARIA DE 28.03.2019, RELATIVO Á APROBACIÓN DO LÍMITE DE GASTO NON FINANCIERO, DO ORZAMENTO MUNICIPAL E DO CADRO DE PERSOAL DO CONCELLO DE PONTEDEUME PARA O EXERCIZO DE 2019.**

De seguido, sométese a adopción de acordo a urxencia, quedando **RATIFICADA POR UNANIMIDADE** dos/as membros presentes **A URXENCIA** do asunto e a **SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA DA SESIÓN.**

Concluída a votación, a Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que de seguido se transcribe:

#### **“PROPOSTA DE ACORDO**

**RECTIFICACIÓN DE ERROS DO ACORDO ADOPTADO POLO PLENO CELEBRADO EN SESIÓN ORDINARIA DE 28.03.2019, RELATIVO Á APROBACIÓN DO LÍMITE DE GASTO NON FINANCIERO, DO ORZAMENTO MUNICIPAL E DO CADRO DE PERSOAL DO CONCELLO DE PONTEDEUME PARA O EXERCIZO DE 2019.**

*Expediente TEdC: 2019/G006/000062*

Á vista do contido do acordo relativo á “Modificación nº1 da relación de postos de traballo (RPT) do Concello de Ponte deume” adoptado polo Pleno celebrado 31.03.2019, en sesión ordinaria e cuxa aprobación definitiva foi publicada no BOP da Coruña nº 73 de 16.04.2019.

Logo de que o Pleno do Concello de Ponte deume, celebrado en sesión ordinaria o 28.03.2019, adoptara o acordo relativo á “Aprobación do límite de gasto non financeiro, do orzamento municipal e do cadro de persoal do Concello de Ponte deume para o exercizo de 2019”, publicado no BOP da Coruña nº 62 de 01 de abril de 2019, cuxo prazo de exposición pública



rematou o 24.04.2019, sen que, segundo se acredita no expediente, se tiveran presentado alegacións.

Téndose detectado un erro no contido do punto terceiro do acordo sinalado no parágrafo anterior, en tanto que no cadro de persoal o posto de Tesoureiro, indica que a praza se encadra na escala administrativa, cando o posto, conforme ao acordo adoptado relativo na modificación nº1 da RPT pertence ao corpo de funcionarios con habilitación de carácter nacional, conforme á lexislación vixente, sendo este documento o que se tomou como referencia para a elaboración do expediente para a adopción do dito acordo, conforme se indica no informe de intervención de referencia 60.2019, e como así se recolle no propio acordo, o seguinte: “Na relación da plantilla de persoal están incluídas as modificacións da relación de postos de traballo aprobadas en Sesión Plenaria de data 31.01.2019.

Á vista do informe do departamento de persoal de data 24.04.2019, cuxo contido se transcribe:

**“INFORME DO DEPARTAMENTO DE PERSOAL**

Visto o cadro de persoal deste Corporación, aprobado xunto co orzamento municipal do ano 2019, en sesión plenaria do 28.03.2019, sendo publicado no BOP número 62 de 1.04.2019 o anuncio de aprobación inicial.

Detectado por este departamento un erro en dito cadro de persoal, concretamente na subescala do posto:

CÓDIGO	POSTO	GR./CD	Número de prazas	Escala	Subescala	Situación
02.00.00.01.08	TESORERO	A1-28	1	Ad. Xeral	Administrativa	Vacante

Donde di Subescala-“Administrativa”, debe dicir Subescala- “Intervención-Tesoureria. Categoría de Entrada”.

O que se comunica aos efectos de realizar a corrección correspondente no indicado cadro de persoal.

Pontedeume, 24 de abril de 2019”

Compre a rectificación do punto terceiro do acordo adoptado en sesión ordinaria de 28.03.2019, relativo á “Aprobación do límite de gasto non financeiro, do orzamento municipal e do cadro de persoal do Concello de Pontedeume para o exercizo de 2019”, conforme o seguinte

**ONDE DI:**

“...//...”

**TERCEIRO.** - Aprobar o cadro de persoal do persoal funcionario e laboral seguinte:

**PLANTILLA DE PERSOAL CONCELLO DE PONTEDEUME.**

PERSOAL FUNCIONARIO							
CÓDIGO	POSTO	GR./CD	Número de prazas	Escala	Subescala	Situación	OBSERVACIÓNS (Situación dos postos na data actual)
...//...							
02.00.00.01.08	TESORERO	A1-28	1	Ad. Xeral	Administrativa	Vacante	
...//...							

...//...”

**DEBE DICIR:**

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

**TERCEIRO.-** Aprobar o cadro de persoal do persoal funcionario e laboral seguinte:

### PLANTILLA DE PERSOAL CONCELLO DE PONTEDEUME.

PERSONAL FUNCIONARIO							
CÓDIGO	POSTO	GR./CD	Número de prazas	Escala	Subescala	Situación	OBSERVACIÓNS (Situación dos postos na data actual)
...//...							
02.00.00.01.08	TESORERO	A1-28	1	Ad. Xeral	Intervención-Tesourería. Categoría de Entrada	Vacante	
...//...							

Tendo en conta o que se dispón no artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, segundo o cal *“Las Administraciones públicas podrán, asimismo, rectificar en cualquier momento, de oficio o a instancia de los interesados, los errores materiales, de hecho o aritméticos existentes en sus actos”*.

Considerando que estaríamos ante un erro material que, segundo establece o Tribunal Constitucional na sentenza do 10 de decembro de 1991, *“(...) lo cierto es que la jurisprudencia del Tribunal Supremo, siguiendo ese camino y sobre la base de su experiencia casuística, ha establecido unos criterios interpretativos que permiten limitar el concepto de “error material” a aquellos supuestos en que el error es apreciable de manera directa y manifiesta, sin necesidad de acudir a interpretaciones o razonamientos más o menos complejos, de tal manera que su corrección no cambie el sentido de la resolución, manteniéndose éste en toda su integridad después de haber sido subsanado el error. Por lo tanto, es “error material” aquel cuya corrección no implica un juicio valorativo, ni exige operaciones de clarificación jurídica o nuevas y distintas apreciaciones de prueba, ni supone resolver cuestiones discutibles u opinables por evidenciarse el error directamente al deducirse, con toda certeza, del propio texto de la Sentencia, sin necesidad de hipótesis, deducciones o interpretaciones”*.

O concepto de erro material elaborado polo Tribunal Supremo recóllese na Sentenza do 15 de febreiro de 2006: *“La jurisprudencia de esta Sala como expone el motivo viene realizando una interpretación del error material que puede resumirse o compendiarse del siguiente modo: el error material o de hecho se caracteriza por ser ostensible, manifiesto e indiscutible, implicando, por sí solo, la evidencia del mismo, sin necesidad de mayores razonamientos, y exteriorizándose prima facie por su sola contemplación (...)”*.

Considerando que a rectificación do erro material ou aritmético supón a subsistencia do acto -o acto mantense unha vez subsanado o erro-, xa que o acto materialmente rectificado segue a ter o mesmo contido logo da rectificación, cuxa única finalidade é eliminar os erros de transcripción ou de simple conta co fin de evitar calquera posíbe equívoco, propónse á Comisión Informativa Permanente de Asuntos Xerais do Pleno que dicte favorablemente a seguinte **PROPOSTA**:

**PRIMEIRO.-** Rectificar o punto terceiro do acordo adoptado en sesión ordinaria de 28.03.2019, relativo á “Aprobación do límite de gasto non financeiro, do orzamento municipal e do cadro de persoal do Concello de Ponte deume para o exercizo de 2019”, conforme o seguinte

**ONDE DI:**

“...//...”

**TERCEIRO.-** Aprobar o cadro de persoal do persoal funcionario e laboral seguinte:



**PLANTILLA DE PERSOAL CONCELLO DE PONTEDEUME.**

PERSOAL FUNCIONARIO							
CÓDIGO	POSTO	GR./CD	Número de prazas	Escala	Subescala	Situación	OBSERVACIÓNS (Situación dos postos na data actual)
...//...							
02.00.00.01.08	TESORERO	A1-28	1	Ad. Xeral	Administrativa	Vacante	
...//...							

...//..."

**DEBE DICIR:**

**TERCEIRO.**- Aprobar o cadro de persoal do persoal funcionario e laboral seguinte:

**PLANTILLA DE PERSOAL CONCELLO DE PONTEDEUME.**

PERSOAL FUNCIONARIO							
CÓDIGO	POSTO	GR./CD	Número de prazas	Escala	Subescala	Situación	OBSERVACIÓNS (Situación dos postos na data actual)
...//...							
02.00.00.01.08	TESORERO	A1-28	1	Ad. Xeral	Intervención-Tesourería. Categoría de Entrada	Vacante	
...//...							

**SEGUNDO.**- Dar traslado do presente acordo aos departamentos de Persoal e Intervención Municipais, aos efectos da publicación definitiva do documento, unha vez concluído o trámite de exposición pública sen que se tivera presentado alegación algunha.

Documento asinado dixitalmente por D. Bernardo Fernández Piñeiro, Alcalde-Presidente, en Pontedeume a 25 de abril de 2019."

A Presidencia abre a quenda para o debate.

Toma a palabra a Sra. Portavoz do Grupo Municipal do BNG. Dna. Ana Veira García intervén para matizar unha cuestión das formas, non do fondo, en tanto que hai un compromiso do uso da linguaxe inclusiva, que marca a lei e o plan de igualdade, que neste caso non se está a asumir. Pide que se cumpra co que se promete.

Concluídas as intervencións, sométese a votación a proposta, quedando **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE** dos/as membros presentes (nove) o **ACORDO** seguinte:

**PRIMEIRO.**- Rectificar o punto terceiro do acordo adoptado en sesión ordinaria de 28.03.2019, relativo á "Aprobación do límite de gasto non financeiro, do orzamento municipal e do cadro de persoal do Concello de Pontedeume para o exercizo de 2019", conforme o seguinte

**ONDE DI:**

"...//..."

**TERCEIRO.**- Aprobar o cadro de persoal do persoal funcionario e laboral seguinte:



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

### PLANTILLA DE PERSOAL CONCELLO DE PONTEDEUME.

PERSOAL FUNCIONARIO							
CÓDIGO	POSTO	GR./CD	Número de prazas	Escala	Subescala	Situación	OBSERVACIÓNS (Situación dos postos na data actual)
...//...							
02.00.00.01.08	TESORERO	A1-28	1	Ad. Xeral	Administrati va	Vacante	
...//...							

...//..."

**DEBE DICIR:**

**TERCEIRO.-** Aprobar o cadro de persoal do persoal funcionario e laboral seguinte:

### PLANTILLA DE PERSOAL CONCELLO DE PONTEDEUME.

PERSOAL FUNCIONARIO							
CÓDIGO	POSTO	GR./CD	Número de prazas	Escala	Subescala	Situación	OBSERVACIÓNS (Situación dos postos na data actual)
...//...							
02.00.00.01.08	TESORERO	A1-28	1	Ad. Xeral	Intervención- Tesourería. Categoría de Entrada	Vacante	
...//...							

**SEGUNDO.-** Dar traslado do presente acordo aos departamentos de Persoal e Intervención Municipais, aos efectos da publicación definitiva do documento, unha vez concluído o trámite de exposición pública sen que se tivera presentado alegación algunha.

### 3.- DACIÓN DE CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE MODIFICACIÓN DO PROXECTO DE OBRA DO PLAN POS 2016.

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

#### **"PROPOSTA DE ALCALDÍA**

#### **DACIÓN DE CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE MODIFICACIÓN DO PROXECTO DE OBRA DO PLAN POS 2016**

**SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 25/04/2019**

**Expediente: 2019/G006/000053**

*Vista a cláusula 8 das bases do Plan Provincial de Obras e Servizos de competencia municipal POS 2016 que indica: "[...] Se para a execución das obras xurde a necesidade de modificar o*



*proyecto da obra, o concello deberá tramitar o correspondente expediente de acordo co establecido no citado texto refundido da Lei de contratos do sector público, e redactar un proxecto modificado que deberá ser aprobado polo concello e pola deputación. [...]*”

*Visto o acordo do Pleno do Concello de data 20 de xuño de 2015 no que se acorda delegar na Alcaldía a aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa aprobación ou concesión, e cando aínda non están previstos nos presupostos.*

*De conformidade co disposto no artigo 42 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais dáse conta expresa da resolución da Alcaldía polo que se aproba o seguinte proxecto de obra incluído na solicitude do POS 2016 para os efectos da súa ratificación polo pleno:*

- **Graderío en Campo de fútbol municipal:**
  - *Decreto de Alcaldía nº 199/2019 do 04.04.2019 polo que se aproba o proxecto modificado nº 2 para “Graderío en Campo de fútbol municipal”, redactado polo arquitecto Óscar Pidre Mosquera en xaneiro de 2019 con importe total de 183.994,20 € (IVE incluído).*

*Documento asinado dixitalmente, na data que figura á marxe polo Sr. Alcalde D. Bernardo Fernández Piñeiro.”*

O Sr. Presidente da conta da tramitación do asunto dende a súa adxudicación e da problemática xurdida: necesidade de modificación do proxecto e renuncia da empresa adxudicataria. Indica que, unha vez modificado o proxecto, o Pleno da Deputación que se celebrará mañá, aprobará o modificado dese proxecto para, no mes de maio, licitar.

Os/as membros presentes **TOMAN RAZÓN.**

#### **4.- DAR CONTA INFORME INTERVENCIÓN 97.2019 PMP E MOROSIDADE E ADXUNTOS (PRIMEIRO TRIMESTRE 2019) .**

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

##### **“PROPOSTA DE TOMA DE RAZÓN**

##### **DAR CONTA INFORME INTERVENCIÓN 97.2019 PMP E MOROSIDADE E ADXUNTOS (PRIMEIRO TRIMESTRE 2019)**

*(Expediente TEdC: 2019/G006/000061)*

*Visto o sinalado no artigo 4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, concretamente nos seus apartados 3 e 5, que sinalan literalmente que:*

*“(…) 3. Los Tesoreros o, en su defecto, Interventores de las Corporaciones locales elaborarán trimestralmente un informe sobre el cumplimiento de los plazos previstos en esta Ley para el pago de las obligaciones de cada Entidad local, que incluirá necesariamente el número y cuantía global de las obligaciones pendientes en las que se esté incumpliendo el plazo.*

*4. Sin perjuicio de su posible presentación y debate en el Pleno de la Corporación local, dicho informe deberá remitirse, en todo caso, a los órganos competentes del Ministerio de Economía y Hacienda y, en su respectivo ámbito territorial, a los de las Comunidades Autónomas que,*

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

con arreglo a sus respectivos Estatutos de Autonomía, tengan atribuida la tutela financiera de las Entidades locales. Tales órganos podrán igualmente requerir la remisión de los citados informes. (...)"

5. Visto o sinalado na Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e sostenibilidade Financeira,

Esta Alcaldía formula a seguinte **PROPOSTA**:

**ÚNICO.**- Dar conta do informe de Intervención de referencia 97.2019, de asunto: "Informe en aplicación de lo establecido en la Ley 15/2010, de 5 de julio, de modificación de la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales, correspondiente al **primeiro trimestre de 2019**, y Período Medio de Pago (PMP)"

Documento asinado dixitalmente por D. Bernardo Fernández Piñeiro, Alcalde-Presidente, en Ponte deume a luns 22 de abril de 2019"

O Sr. Presidente da conta das datas de pagamento das facturas a provedores que di, sufriron unha redución, o que considera un reflexo de que se foi mellorando.

Os/as membros presentes **TOMAN RAZÓN**.

### 5.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: MOCIÓNS URXENTES.

Non houbo

### 6.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA PRESIDENCIA.

A Sra. Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

#### **"DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA PRESIDENCIA. SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 28/03/2019**

(Expediente TEdC: 2019/G006/000047)

De conformidade co disposto no artigo 42 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta aos concelleiros e concelleiras das Resolucións da Alcaldía-Presidencia ditadas, dos números **176/2019** de 25 de marzo ao **229/2019** de 17 de abril, ambos os dous incluídos, os seguintes:

Nº de Expediente	Asunto	Nº Decreto	Fecha Firma
2019/G003/000191	PAGO DOS SEGUROS SOCIAIS FEBREIRO 2019	00176/2019	25/03/2019



2019/G003/000197	APROBACION BASES QUE HABERAN DE REXER A CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN DUN/HA FUNCIONARIO/A INTERINO/A, ADMINISTRATIVO/A ADSCRITO Á ÁREA DE FORMACIÓN, EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL.	00177/2019	25/03/2019
2019/G003/000196	RECTIFICACIÓN DE ERROS MATERIAIS DO DECRETO 147/2019 DO 12.03.2019 DE ADXUDICACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA RENOVACIÓN DE TUBAXES NA REDE XERAL DE ABASTECIMENTOS DE AUGA POTABLE EN NOGUEIROSA (Convenio 28-2018- Deputación Provincial da Coruña). EXPTE 2018/C003/000007	00178/2019	25/03/2019
2019/G003/000199	CONVOCATORIA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 28.03.2019	00179/2019	25/03/2019
2019/G003/000192	RELACION FACTURA F/2019/8	00180/2019	26/03/2019
2019/G003/000194	EXPEDIENTE DE SOLICITUD DE SUBVENCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE TÉCNICO DE CULTURA. DEPUTACIÓN 2019	00181/2019	27/03/2019
2019/G003/000203	Modificación do Decreto Nº 176/2019 (Seguros sociais febreiro 2019)	00182/2019	27/03/2019
2019/G003/000195	INCIDENCIAS NÓMINA MES MARZO 2019.	00183/2019	27/03/2019
2019/G003/000205	CONVOCATORIA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DE 01.04.2019	00184/2019	27/03/2019
2019/G003/000204	APROBACIÓN NÓMINA MES DE MARZO DE 2019.	00185/2019	27/03/2019
2019/G003/000206	RECTIFICACIÓN DE ERROS MATERIAIS DO DECRETO 168/2019 DE XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN PARA LIMPEZA DE PRAIAS MARÍTIMAS. DEPUTACIÓN 2018. EXPTE 2019/G003/000188	00186/2019	28/03/2019
2019/G003/000200	LIQUIDACIÓN PROVISIONAL DO IMPOSTO DE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS (ICIO) E TAXA POR EXPEDICIÓN DE LICENZA URBANÍSTICA	00187/2019	28/03/2019
2019/G003/000202	LIQUIDACIÓN PROVISIONAL DO IMPOSTO DE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS (ICIO) E TAXA POR EXPEDICIÓN DE LICENZA URBANÍSTICA	00188/2019	28/03/2019
2019/G003/000201	LIQUIDACIÓN PROVISIONAL DO IMPOSTO DE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS (ICIO) E TAXA POR EXPEDICIÓN DE LICENZA URBANÍSTICA	00189/2019	28/03/2019
2019/G003/000208	ORDENACIÓN PAGO FACTURAS RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO PLENO 28/03/2019	00190/2019	29/03/2019
2019/G003/000209	ADXUDICACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA REFORMA INTERIOR E MELLORA DA ACCESIBILIDADE DA ESCOLA DE NOGUEIROSA. EXPTE 2018/C003/000008	00191/2019	01/04/2019
2019/G003/000162	APROBACIÓN PADRÃNS SAF LIBRE CONCORRENCIA E DEPENDENCIA FEBREIRO 2019	00192/2019	02/04/2019
2019/G003/000214	MODIFICACION DE CRÉDITO NÚMERO 4, SUBEXPEDIENTE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO NÚMERO 2.-	00193/2019	02/04/2019
2019/G003/000177	ANULACIÓN VALORES VENDA AMBULANTE: ...//...	00194/2019	02/04/2019
2019/G003/000207	Xustificación da contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras de Risga, 2018.	00195/2019	02/04/2019

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

2019/G003/000213	APROBACIÓN CERTIFICACIÓN Nº 1, 2, 3 E 4 DA OBRA -PAVIMENTACIÓN EN ROSALES E EDUARDO PONDAL-. POS+/2017 ADICIONAL.	00196/2019	02/04/2019
2019/G003/000215	APROBACIÓN BASES VI CERTAMEN DO TEATRO AFECCIONADO PONTEDEUME EN OBRAS	00197/2019	02/04/2019
2019/G003/000216	APROBACIÓN DA MEMORIA DE OBRA E ADXUDICACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE ACTUACIÓNS DE MELLORA NA ZONA EXTERIOR DO MERCADO MUNICIPAL DE PONTEDEUME (Expte: 2019/C002/000004)	00198/2019	03/04/2019
2019/G003/000221	APROBACIÓN PROXECTO MODIFICADO Nº 2 PARA GRADERÍO EN CAMPO DE FUTBOL MUNICIPAL (POS 2016)	00199/2019	04/04/2019
2019/G003/000218	TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE	00200/2019	05/04/2019
2019/G003/000217	APROBACIÓN CERTIFICACIÓN Nº 2 E Nº 3 DA OBRA "SUBSTITUCIÓN DE TRAMOS DE SANEAMENTO DANADOS E MELLORA DA CAPA DE RODADURA EN VÍA MUNICIPAL EN OMBRE". 2018/C003/000005 - AGADER 2018/2019.	00201/2019	05/04/2019
2019/G003/000220	EXPEDIENTE DE XUSTIFICACIÓN subvención para contratación técnico de deportes diputación 2018	00202/2019	05/04/2019
2019/G003/000210	SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA ACTIVIDADES NA BIBLIOTECA PÚBLICA MUNICIPAL. PROGRAMA LER CONTA MOITO , 2.019.	00203/2019	05/04/2019
2019/G003/000224	APROBACIÓN CERTIFICACIÓN Nº 30 E ACTA DE RECEPCIÓN DA OBRA -REHABILITACIÓN E AMPLIACIÓN DO MERCADO MUNICIPAL DE PONTEDEUME-.	00204/2019	05/04/2019
2019/G003/000223	APROBACIÓN NÓMINA MES DE MARZO 2019 DE DAMIAN ROEL VALLO E ERO ALVARIÑO PORTO, AUX. DE POLICÍA LOCAL.	00205/2019	08/04/2019
2019/G003/000222	AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL	00206/2019	10/04/2019
2019/G003/000226	Decreto de inicio: procedemento sancionador de tráfico (2019_2º)	00207/2019	10/04/2019
2019/G003/000225	EXPEDIENTE DE XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIÓN DO PERSOAL DE OFICINA DE TURISMO. DEPUTACIÓN 2018	00208/2019	09/04/2019
2019/G003/000233	MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NÚMERO 5, SUBEXPEDIENTE XERACIÓN DE CRÉDITO 1.-	00209/2019	10/04/2019
2019/G003/000229	NOMEAMENTO DAS PERSOAS MEMBRO DO XURADO DO XXIX CONCURSO DE CONTOS VILA DE PONTEDEUME	00210/2019	10/04/2019
2019/G003/000232	EXPEDIENTE DE APROBACIÓN DA RELACIÓN DE PARTICIPANTES NO PROGRAMA "MADRUGADORES" CURSO 2018/2019	00211/2019	10/04/2019
2019/G003/000228	EXPEDIENTE DE XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIÓN PARA CONTRATACIÓN DO PERSOAL DO PROGRAMA DE INTEGRACIÓN LABORAL (PEL). DEPUTACIÓN 2018	00212/2019	10/04/2019



2019/G003/000237	INICIO PROCEDIMIENTO DE ADJUDICACIÓN EXPEDIENTE CONTRATACIÓN OBRA RENOVACIÓN DA ESTACIÓN DE BOMBEO DE SANEAMENTO DE AUGAS RESIDUAIS EN CENTROÑA (POS+ ADICIONAL 2017). EXPTE 2018/C003/000002	00213/2019	11/04/2019
2019/G003/000239	INICIO PROCEDIMIENTO DE ADJUDICACIÓN EXPEDIENTE CONTRATACIÓN OBRA SUBSTITUCIÓN DE TUBAXES DE ABASTECIMIENTO E SANEAMENTO NA AVDA DE FERROL (POS+ 2018). EXPTE 2019/C003/000001	00214/2019	11/04/2019
2019/G003/000231	XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIÓN PARA O MANTENIMENTO DE PERSOAL TÉCNICO EN ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL. DEPUTACIÓN 2018.	00215/2019	12/04/2019
2019/G003/000235	RELACION FACTURAS RECOÑECIMIENTO DE CRÉDITO F/2019/9 E RELACIÓN FACTURAS F/2019/10	00216/2019	12/04/2019
2019/G003/000240	APROBACIÓN RELACIÓN DE FACTURAS F/2019/11	00217/2019	12/04/2019
2019/G003/000248	APROBACIÓN OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO PARCIAL, EJERCICIO 2019	00218/2019	15/04/2019
2019/G003/000244	MODELO 111 IRPF MARZO 2019	00219/2019	15/04/2019
2019/G003/000234	EXPEDIENTE DE NOMEAMENTO SECRETARIA ACCIDENTAL, ...//...: 16 E 17 DE ABRIL DE 2019.	00220/2019	15/04/2019
2019/G003/000250	RECURSO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO CONTRA A RESOLUCIÓN SOBRE EXECUCIÓN FORZOSA E MULTAS COERCITIVAS. MÍGUEZ PÉREZ CONSTRUCCIONES, SL (RÚA SANTIAGO, 31)	00221/2019	15/04/2019
2019/G003/000253	SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE PARA O ESTUDO, INFORME E CONSULTA DE ASUNTOS XERAIS DO PLENO DE 22.04.2019	00222/2019	16/04/2019
2019/G003/000251	DEVOLUCION AVAIS CONSULTORA GALEGA S.L.U.	00223/2019	16/04/2019
2019/G003/000254	RECTIFICACIÓN DE ERROS MATERIAIS DO DECRETO 191/2019 DO 01.04.2019 DE ADJUDICACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA REFORMA INTERIOR E MELLORA DA ACCESIBILIDADE DA ESCOLA DE NOGUEIROSA. EXPTE 2018/C003/000008	00224/2019	17/04/2019
2019/G003/000252	XESTIÓN AUTORIZACIÓN PUNTO LIMPO	00225/2019	17/04/2019
2019/G003/000258	LIQUIDACIÓN OCUPACIÓN DE TERENOS: ESTEIRO E ESCOLA FOGAR	00226/2019	17/04/2019
2019/G003/000259	NOMEAMENTO AUXILIAR POLICÍA LOCAL-...//...:	00227/2019	17/04/2019
2019/G003/000260	APROBACIÓN PROXECTO MODIFICADO PARA REFOMA E MELLORA DA ACCESIBILIDADE DO LOCAL SOCIAL EN VIZÚS (SUBVENCIÓN NOMINATIVA DEPUTACIÓN DA CORUÑA)	00228/2019	17/04/2019
2019/G003/000262	DELEGACIÓN CASAMENTO CIVIL 20.04.2019 EN D. JOSÉ SIMOES COUCEIRO	00229/2019	17/04/2019

Documento asinado dixitalmente polo Sr. Alcalde-Presidente D. Bernardo Fernández Piñeiro, en Pontedeume, a luns 22 de abril de 2019.”

Os/as membros presentes **TOMAN RAZÓN.**

**7.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: ROGOS E PREGUNTAS.**

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

D. Andrés Pérez Pérez, portavoz do Grupo Municipal do PP di que, por cortesía, tendo en conta que se trata do último Pleno ordinario do mandato, non formulaan ningún rogo nin teñen presentado preguntas.

De seguido, Dna. Ana Veira García, portavoz do Grupo Municipal do BNG, formula os seguintes ROGOS:

1.- Contorna da marquesiña.

Nas inmediacións da marquesiña de autobuses o firme está en moi mal estado. Rogamos o amaño do mesmo.

2.-Lavadoiro de Esteiro.

O lavadoiro de Esteiro está cheo de sedimentos e suciedade. Rogamos a súa limpeza.

O Sr. Alcalde indica que se ten solicitado a Augas de Galicia o 7 de marzo, por segunda vez, autorización para realizar unha actuación no río.

A Sra. Veira García indica que iso non quita que se poda realizar unha intervención no lavadoiro.

O Sr. Fernández Piñeiro di que a idea é realizar unha actuación conxunta.

3.- Fochancas na zona de colectores.

Nos colectores da entrada da vila, preto da praza de España hai unha zona de fochancas co chan cedido.Solicitamos arranxo.

4.- Restos parque infantil paseo rosalía de castro.

Piden que se retiren.

5.- Control do feísmo e construcións inacabadas.

Piden, como en anteriores ocasión, que se exerza un control sobre o feísmo e construcións inacabadas.

6.- Control de saída de pluviais á rúa.

Trátase dun rogo repetido. Piden que se controle a situación e se aplique a normativa.

7.- Axuda no fogar.

Cofecedores de que a empresa que realiza este servizo non vai continuar co mesmo e ante a delicada de moitos dos seus usuarios/as. Rogamos máxima celeridade na convocatoria do servizo.

E as seguintes PREGUNTAS:

1- Gala do deporte 2019.

Cal é o seu calendario para este ano?

Dna. Raquel Caruncho Corral, concelleira de Servizos Sociais, Educación e Deportes di que vai haber variación na data de celebración para pasala, do mes de xuño na que tivo lugar o ano pasado, ao inicio da tempada, a principios de setembro. Indica que se está pendente do resultado das eleccións, se ben non se vai facer no mes de xuño como o ano pasado.

2.-Nalka comunicacións.



De que se encarga esta empresa?Que condicións ten o seu contrato?Cal é o montante do mesmo?

O Sr. Alcalde informa que se trata da empresa que xestiona o gabinete de prensa do Concello, así como as redes sociais. Di que quere que quede claro que xestiona as redes do Concello de Pontedeume e non contas persoais. Di que o contrato venceu hai uns meses (en decembro de 2018 ou xaneiro de 2019) e que o custo é de 1.700,00 euros ao mes. Di que os pregos para a licitación están case listos e que faltaría que se informaran.

### 3.-Policías municipais.

Ante a nova situación derivada polas xubilacións.Como se vai abordar?

D. José Simoes Couceiro, concelleiro de Persoal, Réxime Interno e Formación da conta da situación do departamento: di que hai dous policía funcionarios, un deles de baixa, e dous auxiliares ata o mes de outubro. Indica que no mes de xullo se incorporarán catro auxiliares. Da conta da mesa de negociación celebrada na que se propuso a convocatoria de catro prazas, tres por xubilación e unha por mobilidade, proposta que foi aceptada se ben a praza de mobilidade non se pode convocar. Di que no mes de maio se empezará a traballar na convocatoria destas prazas se ben a previsión de incorporación non é ata o mes de xuño do vindeiro ano, aínda que poidan vir facer practicas.

D. Andrés Pérez Pérez pregunta que se quere dicir co tema da mobilidade.

O Sr. Simoes Couceiro explica que esa praza se convoca por concurso, podendose presentar calquera policía local. Di que non se pode quitar na convocatoria prevista xa que así o entenden os técnicos. Conclúe indicando que a praza de oficial se cubrirá por promoción interna, así acordado, por unanimidade na mesa de negociación.

### 4.- Marquesiña de autobuses.

Xa hai varios meses que fixemos un rogo no que alertabamos do deterioro desta construción.Que actuacións se fixeron?

Dende a Presidencia indícase que está solicitada a obra de reparación da cuberta . Di que a substitución dos cristais é moi cara e que se está buscando unha alternativa para cubrir os ocos, como paneis informativos...

Dna. Ana Veira considera que se deben de quitar os elementos que están colgando do teito, xa que se se agarda, poden comportar perigo.

### 5.- Especies invasoras.

Ao longo deste mandato municipal solicitamos actuacións para solucionar esta situación. Hai unha moción aprobada. Que plan de intervención hai?

D. Bernardo Fernández Piñeiro di que xa teñen listo o borrador para a edición do tríptico para, unha vez impreso, repartirse. Indica que non se teñen programado accións concretas dende o Concello xa que non se ten capacidade para asumilas.

A Sra. Veira García di que iso xa se dixo hai meses e fai referencia á liña de subvencións da Deputación da Coruña e que o goberno local decidiu adicar a outras cousas, sendo unha cuestión de prioridades.

O Sr. Fernández Piñeiro di que a prioridade foi actuar na rede de saneamento e abastecemento en Ver, así como o parque biosaludable. Di que non se poden cubrir todas as prioridades xa que os fondos son limitados.

Dna. Ana Veira fai referencia aos paraugas e impermeables que repartiu o Concello, ao que o Sr. Fernández Piñeiro di que se financiaron cunha subvención de envellecemento activo.

A Sra. Veira García di que se hai interés se podería ter feito, tal e como se fai para outras cousas e que non significa que non comparta o que se fixo.

O Sr. Alcalde fai referencia a que non se pode actuar en fincas que non son públicas sen orden xudicial, ao que Dna. Ana Veira di que non pide que o Concello limpe fincas, se non que se



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

emita un bando ou se aprobe un regulamento no que se diga á veciñanza cales son as súas obrigas, como así a teñen noutros Concellos. O Sr. Alcalde di que a normativa é autonómica.

6.- Showroom vodas.

O pasado mes organizouse este evento. Cal foi o gasto do mesmo?

Dna. Yolanda Vázquez Busto, concelleira de Cultura, Turismo e Comercio da conta do gasto que supuxo o apoio do Concello á celebración do evento, que ascendeu a 2.642,00 euros (limpeza do local, vixiancia, publicidade...).

7.- Situación das praias.

Seguimos tendo no concello praias non aptas para o baño. En múltiples ocasións se nos explicou que había proxectos para revertir esta situación. Como están, actualmente, estes proxectos?

O Sr. Fernández Piñeiro di que se está redactando o decreto de licitación da obra de Centroña e que, no caso de Ver, a obra financiarase por Augas de Galicia coas baixas da adxudicación das dúas fases da actuación do saneamento Ponte deume-Cabanas.

8.- Ofima y Eventos.

En que consistiu o traballo facturado? Cal foi o importe total do mesmo?

Dna. Yolanda Vázquez Busto di que o traballo consistiu na realización do desfile de comparsas e disfraces de adultos, para o pagamento a participantes e presentadores e que é a primeira vez que se contrata.

O Sr. Fernández Piñeiro di que se ten acudido a este procedemento por cuestión de axilidade, xa que as participantes cobraban moi tarde os premios.

9.- Pago de facturas a .

No decreto nº 105 se relacionan una serie de facturas ( 19-04/17, 07-02-18,01-10-18) e se especifica que hai que abonar xuros de mora polo pago das mesmas. A que se debeu? Cal é o seu importe?

D. Bernardo Fernández Piñeiro indica que o motivo foi que dende o 01.02.2013 ata o 01.04.2016 se estiveron a pagar facturas fora do prazo e que por isto, esta empresa, pediu os intereses. Di que a cifra ascende a dez mil e pico euros.

10.- Acción 110.

Prometéronse puntos de información dixital. Como está este proxecto?

A Sra. Vázquez Busto indica que, tal e como se dixo noutro Pleno, se teñen pedido orzamentos e que o custo é superior ao esperado, xa que superan os quince mil euros.

Concluída a quenda de preguntas, Dna. Ana Veira García despídese dos concelleiros e concelleiras presentes, tendo en conta que se trata do último Pleno ordinario deste mandato corporativo.

O Sr. Alcalde súmase á despedida e que, tendo en conta as diferencias que puideran ter, reconece o tempo e o traballo adicado polos membros da Corporación en defensa dos intereses da veciñanza, co agradecemento a todas as persoas que formaron parte dela.

### REMATE DA SESIÓN



Non habendo máis asuntos que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as trece horas e vinte e oito minutos do expresado día. Autorízase o presente borrador da acta coas sinaturas dixitais do alcalde e da secretaria, que dá fe.